

# FALANDO COUSAS CAMÍN DEL MAR



↓ M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Montañés

*El gallego-asturiano que se fala nel conceyo de Navia ten dao ben cultivadores. Ei tán os Pepe Muestras, Pepe Pinilla, Antonio Fernández, Manuel de Lienes... y, máis cerca de nosoutros, Luis Junceda ou el incansable Alejandro Antúñez. Así y todo, hoi nun son moitos os navegos que se deciden a escribir na súa fala. Por eso acoyemos con alegría a colaboración que nos chega dende Las Cortías (Andés), unde se quer retratar a dous navegos de parola falando de todo un pouco. A pesar del nova qu' é el autora, pódemonos espeyar nel bon coñecemento que ten da fala y, sobre todo, nel amor que ye ten al idioma da súa xente.*

**D**hai úas décadas p'acó vénense cambiando moitas cousas nos nosos lugares ya na nosa xente. Por exemplo, hai construcións que xa van veyas ya que naide mantén porque nun se yes topa xa utilidá. Por outro llao, la llingua tamén vei perdendo ou substituíndo palabras del ámbito rural, como poden ser los nomes d'animales ou prantas. Pero conversacións como esta inde poderan vese...

**BALBINA:** Falando de molíos ya cabazos, ya d'outros casetos de los d'antes, ¿ves el paisano aquel que vei pola caleya? Tía un molín, tenlo inda. Ta alló embaxo, unde vei virando el regueirón ya caéu úa fana hai pouco. Daste cuenta únde é, ¿non? Despós de pasar la casía que ten úa cancella ferruyenta.

**MELÍN:** ¡Si, ho, cómo nun hei saber! Veño pouco por acó, pero xa sei. Hai tempo vía más, pero inda el outro día paséi por ei. Ya conozo al paisano tamén. Xa vin qu' agora el molín ese ta chen de reices que se ye meten polas llouxas. Ten mofo porriba, ou herbas, ou calitros que ye naceron ei enriba, ou nun sei. Desfeito ta. Vese que naide fixo por él. Esqueicémonos axina de las cousas esas.

**BALBINA:** Débeche ter hasta culobras ou ratos dentro. El outro día vin un escolancio ya úas sapaqueiras salindo d'él. Pode que s'espantaran porque tiréi un gouño nel regueiro. La verdá é que por poder pode haber cualquiera cousa: llargatos, rascacheiros, cocas, donicellas, fornigas, you qué sei. Será moito que tean todos xuntos ei dentro, pero cousas



más difíciles se viron xa. Pos... xa quixera you que tuvera amaño; de pequenía dábase gusto velo. Iba por ei col meu bolo, ya falábame muito de las xeiras que tía pasao la xente d'hai tempo —los bolos, los bisabolos...— trabayando, fendo de todo un pouco: pañando un feixe d'herba, erguéndose cedo ya subindo ouca colos bois...

MELÍN: Agora tamos mejor, ou pior, según cómo lo vexas. Algús, los que trabayamos nas oficinas, nun temos frío, nin nos moyamos, nin tamos preocupaos todos los días pol tempo, pero temos outras cousas pa quitanos de dormir, ya muitas veces iba prestanos ben tar aricando patacas nel eiro, ou nel herba seca, ou tirando pola ganza cola garabata, ou llindando las xatías, ou dándoyes mato a los arbolanzos ou a úa pouquinía de meruxa colas maos.

BALBINA: Pa que vexas, pa que vexas...

MELÍN: ¡Qué guapa é el herba verde, eh? ¡Muitos orbayos, ya xeladas, ya barruzos viron los praos estos, ¿eh, ho? Ya algúa qu'outra festiquía tamén. Nun sei quién mo contóu algúa vez. You nun lo vín, pero los veyos dicían que condo eran nenos xuntábanse acó, nun prao d'estos. Polo visto vían quirolos, ya xente de muitos llaos. Bueno, muitos nun creio, tampouco é qu'antes houbera con qué



movese d'un llaos pa outro a muita velocidá. Pero bueno, seguro qu'úa búa cambeirada de xente vía por ei. Tíamos que volver a fer las fiestas esas, ya trer quirolos asgaya.

BALBINA: Bueno, pos xa yo diréi a Manolín, que ta metío nel Asociación de Vecíos. Lo malo é qu'habará que puer cuartos, claro.

MELÍN: Eso é lo de menos, muyer. Xa parecerán los cuartos.

BALBINA: Bueno, mentres tanto, ¿pensas qu'hemos coyer muitos farríos cola xorra que pañamos? Algún mógaro ou outro pexe toparemos ¿non? Ya hemos a daye algús a la gatía, que devece por ellos. Nunca outra cousa vin: el outra vez nun deu avío a comelos.

MELÍN: Hemos a treye us pouquiníos, seguro.



BALBINA: Bon día ha ver la prohibía. Agora condo nos fomos quedóu engaramada na figueira grandúa de baxo. Ten la zuna esa. Nun sei qué é lo que sabicha emporondada nella. Despós irá botar úa búa sonada pol cabanón ou a xacalamistrar pol horta, a ver se topa un toupo ou cualquiera cousa pa entretese. Mentres nun pañe úa andolía, todo vei ben.

MELÍN: Quesla muito, ¿eh, ho?

BALBINA: Quiero, quiero. Anque, bueno, fai albeiros tamén. El outro día nun me din cuenta ya colóuseme na cocía ya deixéila pechada nella. Puxera un cacín con lleite na meseta pa fer el almorzo ya bebéulo todo. La verdá é que, desta, nun me prestóu muito la trasnada: houbo deixame sin lleite; pouco más tía na nevera. Ya tuven que llavar el cazo, claro. Reñínye, nun sea que lo faiga outra vez, pero se se ye tercia ha volver fello igual. Asina son los gatos, pero quíerola muito igual. Has a acariñala condo la vexas: xa verás lo búa ya guapía qu'é. 